# A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la situación de las viviendas titularidad de la SAREB de la avenida Federico García Expósito en Ares.**

La Sareb es la propietaria de los bloques de viviendas 11 y 12 de la Avenida Federico García Expósito, situados en el centro de Ares (A Coruña), con un total de 34 pisos habitados, sobre todo por familias en régimen de alquiler y por personas en situación de vulnerabilidad.

Por un lado, cabe destacar que el bloque número 12 adolece de muchas deficiencias, como filtraciones de agua que llegan a los garajes, además de otros problemas que no garantizan una habitabilidad en condiciones.

Pero, por otro, es preciso hacer mención de la denuncia formulada ante la Fiscalía por una serie de «anomalías» en las viviendas y la falta de pago del canon del agua en los pisos alquilados. Así se alertaba de una auténtica estafa puesto que una persona jurídica interpuesta era la que alquilaba los pisos aprovechando que todo estaba embargado, a pesar de pertenecer a la Sareb. Todo apunta a que fue el promotor el que firmó un contrato de gestión de bienes con una empresa, dado el limbo jurídico existente, y se concluían los contratos de alquiler en base a ese documento. De hecho, en los contratos se contempla que el precio incluye los suministros, pero las empresas interpuestas no los asumen. En lo que respecta a la electricidad existe una situación absolutamente ilegal. Los contadores de la luz no están individualizados porque los edificios tienen luz de obra. Sin embargo, la Fiscalía archivó la denuncia dada la falta de respuesta de la Sareb.

Después de dos años, la información hecha pública indica que la SAREB ha iniciado un proceso de dación en pago de los inmuebles, procedente de un concurso de acreedores, pero se abren una serie de interrogantes e incertidumbres para las personas y familias vulnerables que habitan estos pisos y que firmaron contratos de alquiler.

La Sareb, la Sociedad de Gestión de Activos procedente de la Reestructuración Bancaria y mayoritariamente participada por el Estado desde el Real Decreto aprobado en agosto de

2024, tiene la obligación y la responsabilidad del mantenimiento de los inmuebles de su propiedad en unas condiciones óptimas de habitabilidad, además de inspeccionar y vigilar que no se produzcan abusos y estafas por parte de empresas intermediarias, y, sobre todo, tiene la obligación de no dejar a las personas y familias que viven en estos pisos de Ares en una situación de desamparo y desprotección.

**Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Cuál es la situación administrativa de los bloques número 11 y 12 de la Avenida Federico García Expósito situados en el centro de Ares y que son propiedad de la Sareb?
2. ¿Tiene conocimiento la Sareb de las deficiencias y problemas que tienen estos pisos de su responsabilidad?
3. ¿Conoce la denuncia relacionada con quien figuraba en el alquiler de estos pisos mediante una persona jurídica interpuesta, aprovechando la situación de embargo?
4. ¿Por qué la Sareb no dio respuesta a la Fiscalía cuando recibió la notificación de la denuncia? ¿Por qué se desentendió la Sareb de la situación?
5. ¿Sabe que los edificios tienen luz de obra y no hay contadores individuales?
6. ¿Dado que la Sareb habría comenzado un proceso de dación en pago de estos pisos, está informando a los inquilinos que viven en estas propiedades en régimen de alquiler? ¿Qué medidas adoptará para proteger a las familias y personas en situación de vulnerabilidad?
7. ¿Tienen garantizado que pueden seguir viviendo en estos pisos en condiciones óptimas de habitabilidad y con alquileres asequibles?
8. ¿Está la Sareb analizando la situación de cada una de las familias que habitan estas viviendas para que no queden en una situación de desprotección y desamparo?

En Madrid, a 24 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
24 MAR. 2026 19:53:20
Entrada 107997

# Sobre a situación da vivendas titularidade da SAREB da Avenida Federico García Expósito en Ares

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 108333 25/03/2026 12:46

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á situación da vivendas titularidade da SAREB da Avenida Federico García Expósito en Ares.**

A Sareb é a propietaria dos bloques de vivendas 11 e 12 da Avenida Federico García Expósito situados no centro de Ares (A Coruña), cun total de 34 pisos habitados, sobre todo por familias e réxime de aluguer e por persoas en situación de vulnerabilidade.

Por un lado, cabe destacar que o bloque número 12, adoece de moitas deficiencias como filtracións de auga que chegan aos garaxes ademais doutros problemas que non garanten unha habitabilidade en condicións.

Mais por outro, é preciso facer mención da denuncia formulada ante a Fiscalía por unha serie de "anomalías" nas vivendas e a falta de pagamento do canon de auga nos pisos alugados. Alertábase así dunha auténtica estafa posto que una persoa xurídica interposta era a que alugaba os pisos aproveitando que todo estaba embargado, a pesar de pertencer á Sareb. Todo apunta a que foi o promotor o que asinou un contrato de xestión de bens cunha empresa, dado o limbo xurídico existente, e concluíanse os contratos de aluguer en base a ese documento. De feito, nos contratos contémplase que o prezo inclúe as subministracións, mais as empresas interpostas non os asumen. No que atinxe á electricidade existe unha situación absolutamente ilegal. Os contadores de luz non están individualizados porque os edificios teñen luz de obra. Con todo, a Fiscalía arquivou a denuncia dada a falta de resposta da Sareb.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
24 MAR. 2026 19:53:20
Entrada 107997

Despois de dous anos, a información feita pública indica que a SAREB iniciou un proceso de dación en pagamento dos inmóbeis, procedente dun concurso de acredores, mais ábrense unha serie de interrogantes e incertezas para as persoas e familias vulnerábeis que habitan estes pisos e que asinaron contratos de aluguer.

A Sareb, a Sociedade de Xestión de Activos procedente da Reestruturación Bancaria e maioritariamente participada polo Estado desde o Real Decreto aprobado en agosto de 2024, ten a obriga e a responsabilidade do mantemento dos inmóbeis da súa propiedade nunhas condicións óptimas de habitabilidade, ademais de inspeccionar e vixiar que non se produzan abusos e estafas por empresas intermediarias, e sobre todo, ten a obriga de non deixar ás persoas e familias que viven nestes pisos de Ares nunha situación de desamparo e desprotección.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Cal é a situación administrativa dos bloques número 11 e 12 da Avenida Federico García Expósito situados no centro de Ares e que son propiedade da Sareb?

2. Ten coñecemento a Sareb das deficiencias e problemas que teñen estes pisos da súa responsabilidade?

3. Coñece a denuncia en relación coa estaba no aluguer destes pisos mediante unha persoa xurídica interposta aproveitando a situación de embargo?

4. Por que a Sareb non deu resposta á Fiscalía cando recibiu notificación da denuncia? Por que se desentendeu a Sareb da situación?

5. Sabe que os edificios teñen luz de obra e non hai contadores individuais?

6. Dado que a Sareb tería comezado un proceso de dación en pago destes pisos, está a informar aos inquilinos que viven nestas propiedades en

C.DIP 108333 25/03/2026 12:46

réxime de aluguer? Que medidas adoptará para protexer ás familias e persoas en situación de vulnerabilidade?

7. Teñen garantido que poden continuar a vivir nestes pisos en condicións óptimas de habitabilidade e con alugueiros accesíbeis?

8. Esta a Sareb a analizar a situación de cada unha das familias que habitan nestas vivendas para que non fiquen nunha situación de desprotección e desamparo?

Madrid, a 24 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**

24 MAR. 2026 19:53:20 Entrada: 107997

C.DIP 108333 25/03/2026 12:46

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

24 MAR. 2026 19:53:20 Entrada: 107997